

CURSO 2022/23

PROGRAMACIÓN ECONOMÍA DA EMPRESA

1. CONTIDOS.
2. CRITERIOS AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN
3. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA.

1. CONTIDOS.

Bloque I. A empresa

- A empresa, as empresarias e os empresarios.
- Clasificación, elementos, funcións e obxectivos da empresa.
- Análise do marco xurídico que regula a actividade empresarial: normas mercantís, laborais e fiscais. As diferentes formas xurídicas das empresas.
- Funcionamento e creación de valor nas empresas. As diferentes áreas de actividade.
- Influencia do contorno xeral e específico na empresa.
- Valoración da responsabilidade social e ambiental da empresa.

Bloque II. Desenvolvemento da empresa

- Análise dos factores de localización e dimensión da empresa.
- Consideración da importancia das PEME e das súas estratexias de mercado.
- Estratexias de crecemento interno e externo.
- A internacionalización, a competencia global, a influencia do desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación nas empresas.
- Identificación dos aspectos positivos e negativos da empresa multinacional.
- Consideración da importancia das cooperativas como motores de desenvolvemento económico e social.

Bloque III. Organización e dirección da empresa

- A división técnica do traballo e a necesidade de organización no mercado actual.
- Funcións básicas da dirección.
- Planificación e toma de decisións estratéxicas.
- Deseño e análise da estrutura da organización formal e informal.
- Os sistemas de xestión da calidade na empresa.
- A xestión dos recursos humanos e a súa incidencia na motivación.
- O contrato de traballo. Dereitos e obrigas das traballadoras e dos traballadores. A conciliación da vida laboral e familiar.
- A importancia da seguranza e hixiene no traballo. A prevención dos riscos laborais.
- Os conflitos de intereses e as súas vías de negociación.

Bloque IV. A función produtiva

- Proceso produtivo, eficiencia e produtividade.
- Importancia da innovación tecnolóxica: I+D+i.
- Custos: clasificación e cálculo dos custos na empresa.
- Análise custo-beneficio. Cálculo e interpretación do limiar de rendibilidade da empresa.
- Os inventarios, o seu custo e os diferentes métodos de xestión.
- Programación, avaliación e control de proxectos.
- Valoración das externalidades da produción.

Bloque V.A función comercial da empresa

- Concepto e clases de mercado.
- A investigación de mercados.
- Análise do consumidor e segmentación de mercados.
- Variables da marketing-mix e elaboración de estratexias.
- Estratexias de mercadotecnia e ética empresarial.
- Aplicación á mercadotecnia das tecnoloxías da información e da comunicación.

Bloque VI. A información económica na empresa

- Obrigas contables da empresa.
- A composición do patrimonio e a súa valoración.
- As contas anuais e a imaxe fiel.
- Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias abreviados.
- Análise e interpretación da información contable: principais ratios económico-financeiras.
- Estrutura económica e financeira da empresa.
- O ciclo económico e o período medio de maduración.
- Concepto e clases de investimento.
- Valoración e selección de proxectos de investimento: métodos estáticos e dinámicos.
- Recursos financeiros da empresa.
- Análise de fontes alternativas de financiamento interno e externo.

2. A AVALIACIÓN EN ECONOMIA DA EMPRESA

A avaliación dos alumnos debe incluír, en calquera caso, un diagnóstico do punto de partida tanto en coñecementos, hábitos e actitudes que demostren, o que nos permite comprobar si están en disposición de aprender o programado ou si hai que replantexar os obxectivos de aprendizaxe.

1. Proceso de avaliación

1.1. Avaliación inicial.

Ao inicio de curso comprobarase os coñecementos previos dos alumnos/as de cada grupo mediante unha avaliación inicial que consistirá nunha proba escrita, cuxos resultados só se terán en conta a efectos de adecuar o nivel de partida do proceso de ensino-aprendizaxe á realidade de cada grupo e, en consecuencia, non afectará ás cualificacións dos alumnos.

1.2. Avaliación formativa.

Ao longo do curso os alumnos estarán informados do seu progreso no proceso de aprendizaxe a través das indicacións que se lle vaian dando: correccións das distintas probas escritas previstas, interacción na aula, corrección do caderno de clase e dos traballos que se vaian propondo. Unha vez ao trimestre informárase de xeito formalizado, de acordo co establecido na normativa vixente, aos pais e aos alumnos dos progresos destes no proceso de aprendizaxe a través da cualificación da avaliación, que se calculará de acordo coas especificacións que se recollen no punto 3 seguinte, e das observacións que se fagan chegar, de ser o caso, ao titor de cada grupo.

1.3. Avaliación sumativa.

Ao remate do curso valorárase o rendemento académico dos alumnos, así como a súa dedicación e esforzo, mediante a cualificación final que se determinará de acordo coas especificacións e criterios de cualificación que se detallan nos puntos seguintes. Hai que subliñar que as cualificacións trimestrais teñen, aparte da finalidade formativa á que se fai referencia no apartado 1.2 anterior, unha compoñente sumativa, xa que son as que serven de base para determinar a cualificación final de xuño.

1.4. Procedementos para a avaliación.

Os procedementos ou técnicas que se prevé empregar para avaliar o progreso dos alumnos no proceso de aprendizaxe son os seguintes:

-Probas escritas.

-Observación sistemática.

-Producións dos alumnos:

Traballos individuais realizados na clase ou na casa.

Traballos en grupo realizados na clase ou na casa.

Caderno de clase dos alumnos.

1.5. Instrumentos de avaliación.

Considerando que os instrumentos de avaliación son os documentos ou rexistros nos que se recollen os resultados da observación sistemática e do seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno, serán de dous tipos

1.5.1 As propias producións dos alumnos/as

-probas escritas

-traballos do alumno/a

-caderno de clase

1.5.2 O caderno do profesor no que se recollerán os resultados da observación diaria na aula.

2. Criterios para determinar as cualificacións trimestrais.

2.1. A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumno/a nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

Apartado A Probas Escritas (exames).

Cada proba valórase de 0 a 10 puntos –con até dous decimais- a nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas. A súa ponderación será do 90%

Apartado B. Exercicios e cadernos de clase

Cada exercicio e o caderno de clase valórase de 0 a 10 puntos –con até dous decimais- a nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas en cada unha. A súa ponderación será do 10%

2.2. A valoración de cada proba (apartado A) farase de acordo cos criterios de corrección que se establecerán ao inicio de cada unha.

2.3. A valoración do apartado B realizarase do seguinte xeito:

2.3.1. Na valoración dos traballos terase en conta:

- Presentación 20%
- Redacción 30%
- Puntualidade (dentro de prazo) 10%
- Contidos 40%

2.3.2. Na valoración do caderno de clase terase en conta:

- Presentación 20%
- Redacción 30%
- Posta ao día 20% (o caderno poderá ser revisado polo profesor en calquera momento)
- Contidos 30%

2.5. En consecuencia co reflectido nos puntos anteriores, a cualificación de cada trimestre indícarase en cifras, podendo expresarse ata un decimal, e obterase do seguinte xeito:

CUALIFICACIÓN = Apartado A x 0,9 + Apartado B x 0,10

3. Cualificación da Avaliación.

3.1. De conformidade co establecido na normativa vixente, as cualificacións de cada avaliación, consignaranse na acta e no boletín correspondentes,

No caso do bacharelato expresaranse en cifras, utilizando a escala numérica de 1 a 10 sen decimais, considerándose positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco puntos e negativas as inferiores a cinco.

3.2. En consecuencia co expresado no punto anterior, a cualificación obtida en cada trimestre redondearase, de ser o caso, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é 0,5 ou superior e ao anterior nos restantes casos. Sen embargo este criterio non rexerá no suposto de que este redondeo á alza permitise pasar de non superada a superada ese trimestre ou o curso. Neste caso e necesario ter como mínimo unha calificación de 5 para ter aprobado ese trimestre ou o curso completo. En definitiva unha nota entre un 4,5 e un 4,9 non permite ter a calificación de aprobado.

4. Probas de recuperación.

4.1. O alumnado que, na avaliación, obteña unha cualificación de 1, 2, 3 ou 4 puntos, deberá realizar a correspondente proba de recuperación.

4.2. A nota obtida na proba de recuperación representará o 90% da cualificación, á que se lle engadirá a obtida no apartado C dese trimestre.

4.3. Entenderase que a avaliación está superada cando a cualificación, obtida polo sistema indicado no punto 3.2., sexa igual ou superior a 5 puntos.

4.4. As probas de recuperación terán lugar:

4.4.1. A da primeira avaliación, nos primeiros quince días lectivos do 2º trimestre.

4.4.2. A da segunda avaliación, nos primeiros quince días lectivos do 3º trimestre, e, de ser o caso, outra da primeira avaliación para os alumnos que non a superasen.

4.4.3. A da terceira avaliación, nos derradeiros días lectivos do mes de xuño, e, de ser o caso, outras da primeira e segunda avaliacións para os alumnos que non as superasen.

4.5. Para os efectos de cálculo da cualificación final, terase en conta a cualificación máis alta das dúas: da avaliación ou da recuperación correspondente.

5. Criterios para determinar a cualificación final

5.1. Avaliación final ordinaria do mes de xuño.

5.1.1. A cualificación final será a media das tres avaliacións trimestrais.

5.1.2. Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación, igual ou superior a 5 puntos.

5.1.3. Con carácter xeral, para superar a materia requerirase a superación das tres avaliacións. Non obstante, e excepcionalmente, pode superarse a materia cunha avaliación suspensa se a cualificación desta é de 4 puntos e a media das tres avaliacións cumpre o indicado no punto 4.3. anterior.

5.2. Avaliación final extraordinaria do mes de setembro

5.2.1. Os alumnos/as que non superen a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño, poderán realizar unha proba no mes de setembro, nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e segundo o calendario e horario fixado polo Centro, que será cualificada do 0 ao 10, podendo expresarse ata dous decimais.

5.2.2. Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación, igual ou superior a 5 puntos.

3. CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

1. Clasificar os diferentes tipos de empresas, según os diferentes criterios de clasificación, sinalando os seus trazos diferenciais. Diferenciar as diferentes teorías sobre o concepto de empresario/a.
2. Identificar os factores externos (poderes públicos, coxuntura económica, evolución tecnolóxica, organizacións empresariais, sindicatos, consumidores, dinámica de poboación, localización industrial, relación co medioambiente, etc.) que inciden na empresa, sinalando exemplos representativos.
3. Caracterizar as áreas básicas de actividade da empresa, (productiva, comercial, financeira) sinalando as súas relacións, interdependencias e o seu distinto peso e importancia segundo o tipo de empresa, e describi-lo proceso de funcionamento dun ciclo completo dunha empresa tipo. Saber diferenciar, calcular e interpretar os distintos tipos de coste dunha empresa, o cálculo e interpretación do punto morto e do método de Wilson para os inventarios. Calcular a valoración das existencias según o método fifo e precio medio ponderado. Analizar o importante papel da

función comercial como vía de acceder ao mercado, e coñecer as políticas que conforman o Marketing-mix.

4. Comprender o concepto de produtividade. Recoñecer e valorar as variables que inciden nos indicadores de produtividade dunha empresa. Por outra parte, preténdese que identifiquen e analicen o posible conflito entre unha forma de entender o éxito empresarial, medido exclusivamente a través da conta de resultados, e unha concepción que entende este éxito desde un marco de valores máis amplo, e que incorpora o impacto ambiental (ruídos, esgotamento dos recursos, residuos contaminantes), condicións de traballo saudables, corrección de inxustizas na distribución do valor engadido, garantías de calidade, promoción da investigación, etc.
5. A partir dos elementos básicos do balance dunha empresa, clasificalos según masas patrimoniais, calculando o activo, pasivo e patrimonio neto, identificar a función deses elementos patrimoniais, calcular as diferentes ratios para analizar a situación económica e financeira desa empresa e interpretar o sentido económico e financeiro de cada un deles, detectando posibles desequilibrios e as posibles solucións.
6. Saber configurar e analizar unha conta de perdas e ganancias así como o cálculo da rendabilidade económica e financeira intrpretando os resultados.
7. Identificar as principais fontes de financiamento da empresa tanto externas como internas, así como de analizar e avaliar, a partir dunha necesidade concreta, as distintas posibilidades que teñen as empresas de recurrir ao mercado financeiro.
8. Analizar os diferentes métodos de selección de investimentos que existen para avaliar os distintos investimentos que poden facer as empresas.
9. A partir do coñecemento directo dunha empresa ou institución (o propio centro escolar como institución, visita a una empresa, club cultural), describir a súa estrutura organizativa, estilo de dirección e de comunicación, grao de participación nas decisións, organización informal.
10. Planificar e levar a cabo un plan de observación dunha empresa local e presentar a información de forma organizada e intelixible, incorporando xuízos propios e con referencias a exemplos e datos apropiados.
11. Comprender como afectan os diferentes impostos á empresa e diferenciar a fiscalidade das empresas según a súa forma xurídica.
12. Coñecer a normativa laboral básica que afecta aos traballadores/as así como os diferentes tipos de contratos laborais.